

ADOS IMPULSA UNHA CAMPAÑA ESPECIAL DE DOAZÓN NO CIP ARQUITECTO PALACIOS E O CEE DE PANXÓN

A comunidade educativa do CIP Arquitecto Palacios e o CEE de Panxón están a promover unha campaña especial de doazón que terá lugar mañá, mércores 20 de maio. Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará estacionada dentro do recinto dos centros educativos das 10:00 ás 14:30 e das 16:00 ás 21:00 horas. Nas xornadas previas a esta campaña de doazón o alumnado traballou sobre os distintos xeitos de doazón e recibiron charlas informativas sobre doazón de sangue e de órganos.

O obxectivo da campaña é fomentar este acto solidario pero, especialmente, crear unha conciencia solidaria favorable á doazón entre os estudantes galegos.